

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Sorteo de mesas electorais dentro do prazo establecido polo artigo 26.4 da LOREG.»

Data:

22 de xaneiro de 2024

Duración:

Desde las 9:32 hasta las 11:44

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***89888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***6711**	Manuel González Rodríguez	NON
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ



***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ
***6851**	Verónica Tourón Domínguez	NON
***6473**	Ángela Ledo Souto	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sr. Rodríguez Davila: Quero manifestar o noso desacordo con esta convocatoria plenaria a esta hora da mañá, xa que a señora Alcaldesa está incumprindo un acordo plenario onde acordamos que os plenos extraordinarios se celebrasen igualmente en horario de tarde. A Sra. Alcaldesa seguramente nos dirá que esta xustificación é polo sorteo das mesas electorais, cousa que temos ata o día 24, o vindeiro mércores se podería facer perfectamente en horario de tarde, ou vai a dicir que é para xustificar as subvencións dos outros puntos que vamos a tratar, cousa que tampouco é certo porque se podería perfectamente celebrar hoxe á tarde e non estaría en risco a xustificación desas subvencións. Polo tanto, manifestar o noso desacordo e o noso incumprimento por parte da Sra. Alcaldesa co acordo plenario, sobre todo cos grupos que a apoiaron para que fose Alcaldesa que unha vez máis incumpre o que vostedes pactaron con ela.

Sra. Alcaldesa: Sinxelamente dicir que non é que vostede adiviñe o que eu vaia a explicar ou argumentar polas causas de este pleno extraordinario, senón que xa llo dixen na Comisión informativa, e efectivamente acábase o prazo para o sorteo desas mesas e precisamos que estea presente o funcionariado, polo tanto vaise celebrar pola mañá por axilidade e efectivamente tal e como dixen na Comisión vaise a aprobar un punto tan importante como a maior subvención da historia de este Concello, 1.500.000 euros, para o cambio de luminarias de todas as parroquias e eu creo que é un argumento de peso non só para xustificar a extraordinariedade deste pleno senón para que asista toda a Corporación. Ademais delo, no punto cuarto que vamos a debater e aprobar ou non, a declaración de incompatibilidade de cargos públicos de Angela Ledo Souto, recordo que na Comisión informativa dixestes que porqué non se fixo antes, déronsevos explicacións de porqué non se facía antes, si demoramos máis este pleno máis tardaremos. Non acabo de entender creo que se contradín na súa explicación, porque creo a extraordinariedade deste pleno está máis que xustificada.

Sra. Ledo Souto: Disculpar a la portavoz socialista Verónica que sigue convaleciente de la operación, pedir disculpas en su nombre, espera próximamente incorporarse.

Sr. Guerra García: Dicirille á Sra. Alcaldesa que nada do que dixo xustifica o incumprimento dun acordo plenario, porque dicir que se fai agora pola mañá podendo facerse esta tarde ás oito e media en horario ordinario tal como acordamos, non se xustifica co que acaba de dicir.



A) PARTE RESOLUTIVA

Sorteo de mesas electorais ao abeiro do DECRETO 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

Procédese, de conformidade co Real Decreto 150/2023, de 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións a, que se celebrarán o domingo 18 de febreiro de 2024, ao sorteo dos membros de mesas electorais no departamento de rexistro municipal, coa asistencia das/dos concelleiras/concelleiros Sras./Sres. González Luis, Rocha Núñez, Ledo Souto e Guerra García

O resultado do sorteo achegase como anexo á presente acta.

Expediente 672/2023. Aprobación de o proxecto de obras de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas” de 14.11.2023.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sr. Troncoso Estévez: Neste punto imos tratar a aprobación do proxecto de obras de renovación de alumbrado público exterior no Concello de Salceda de Caselas. O 16 de xaneiro do 2023 o noso Concello recibiu unha subvención de 1.435.031,32€ o que supón a maior subvención da historia deste Concello, trátase dunha actuación de renovación masiva e integral de infraestrutura de alumbrado público, iso suporá un aforro enerxético entorno a un 60% o que conlevará tamén un aforro económico e tamén servirá para cumprir o regulamento técnico e mellorar o servizo de alumbrado público. Este proxecto ven a pleno porque é o órgano de contratación, neste caso é o pleno por superar o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, estamos falando dunha cantidade de case un millón e medio que supera en moito ese 10%. É importante recalcar que esta é unha subvención que provén do IDAE con cargo aos fondos Europeos de recuperación, transformación e resiliencia co cal ao Concello de Salceda non lle suporá ningún gasto.

No que consiste este proxecto é na incorporación e na substitución de luminarias tipo led, que melloran a eficiencia e a renovación de ferraxes, renovación de tendido eléctrico, renovación de cadros eléctricos e renovación de aqueles compoñentes que teñen un alto grado de deterioro. A execución destas obras ten un prazo máximo de 6 meses de execución dende a acta de reformulo e inicio dos traballos. Nós o que traemos aquí non é aprobación do proxecto en si, o proxecto xa se aprobou o 27 de abril do ano pasado, o que se trae a aprobación é un pequeno cambio, máis que un cambio sería engadir uns puntos de luz a maiores que vimos que no proxecto orixinal non se contemplaban e creemos que son importantes. Estamos a falar de 50 puntos a maiores de luces e reforma de un cadro eléctrico, un cadro eléctrico que estivemos vendo que no Campo fútbol de a Gándara, unha necesidade dende fai varios anos e sobre todo en épocas de inverno se producen continuos cortes na luces creemos que a través desta



subvención se podía solucionar este problema e o encaixamos nesta subvención. No proxecto orixinal falaba de 53 cadros de alumado e a renovación de 2780 puntos de luces e o cambio que supón este proxecto ademais de eses 53 cadros a reforma a maiores de este cadro do Campo de A Gándara e a renovación de 50 puntos de luces, 20 deles corresponden tamén co Campo da Gándara e os outros 30 en algunhas zonas que vimos que tamén había esta necesidade como é o parque da Gándara e a urbanización de Rubindo. Conta cos informes favorables de urbanismo, intervención e secretaría. Volvo a repetir a importancia de sacar a diante este proxecto que supón unha inversión de 1.500.000€ con custe nulo para o Concello e que suporía un importante aforro enerxético e sobre todo económico.

Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo vai estar de acordo como estivo no seu momento respecto deste proxecto de cambio e substitución de luminarias todos os báculos de luz, das bombillas propiamente ditas, o báculo en si, para que todo o noso Concello, tanto no casco urbano que xa ten, como tamén o resto das sete parroquias e os seus barrios teñan todos e cada un deles alumado de última xeración, luces led e polo tanto o aforro enerxético que iso vai a supoñer. Por certo, recordo aquí o que trouxemos no último pleno para que o Concello iniciase o expediente de adxudicación e contratación e licitación das tarifas eléctricas para aforrarlle ao noso Concello miles de euros anuais por ter a día de hoxe desactualizadas esas tarifas eléctricas, que sumado a este cambio que se propón de cambio de luminaria a luces led sumaría máis cantidade de aforro económico ás arcas municipais para poder investir ese diñeiro noutras necesidades que tanto necesitamos.

Dicir que isto non é algo exclusivo e único do Concello de Salceda, a día de hoxe o que está de moda é actualizar o alumado público de todas as entidades públicas e locais e polo tanto hai 39 concellos máis que tamén se beneficiaron no ano pasado deste tipo de subvención para este cambio de luminarias e polo tanto non é algo exclusivo ou meritorio do Goberno Local, este ou o anterior. En canto a súa xestión, en canto ao seu rigor respecto da petición da subvención da cal nos alegamos, a cal apoiamos e polo tanto todos satisfeitos e contentos de conseguir esta subvención pero digo e insisto, non é algo exclusivo do noso Concello xa que ao longo e ancho da xeografía tanto de Galicia como de España se está a suceder nos últimos meses, durante os seguintes meses e anos paulatinamente o cambio a luminarias led en todos e cada un dos Concellos en todo o territorio galego e español. Dito isto, me refiro ao rigor e a xestión, e que como ben dixo o Concelleiro, foi concedido e notificado ao noso Concello o pasado 16 de xaneiro do ano 2023 estamos a 22 de xaneiro do ano 2024, é dicir, un ano e seis días despois desa notificación estamos aínda modificando o proxecto e polo tanto aínda queda un trámite para adxudicar á empresa que vai a executar o cambio de luminarias no noso Concello, polo tanto, xa di moito da xestión por parte do noso Concello respecto da tramitación desta subvención. Efectivamente como ben dixo o compañeiro responsable de área se trata de modificar e mellorar o proxecto en canto a mellora de puntos de luz concretamente en torno a 50 novos puntos de luz e tamén algún cadro eléctrico e sobre todo o resaltado e o que aplaudimos é que se recolla neste modificado a incorporación da iluminación do campo de fútbol da Gándara porque si é verdade, non sería acertado deixalo atrás e polo tanto agradecemos e apoiamos que se recolla neste modificado, polo tanto o noso voto vai ser favorable como foi tamén no inicio deste expediente.

Sra. Ledo Souto: Por parte del PSOE el voto también va ser a favor, decir lo mismo, que después de casi un año que se aprobó el proyecto y tardar tanto tiempo en traer la renovación de este es un poco lento, esperamos que la adjudicación y las obras vayan con más rapidez para que el ahorro que está proyectado en el plan de ahorro del Concello sea efectivo cuanto



antes.

Sr. Guerra García: Lamentar que isto non tivera chegado antes ao pleno, agradecemos a comunicación que se nos fixo a partir da Comisión Informativa da aclaración sobre a diferenza do prezo entre a subvención e o que figuraba como custes e en todo caso anunciar o noso voto afirmativo.

Sr. Troncoso Estévez: Para aclarar o tema dos prazos, danse dúas circunstancias, unha delas é que estivemos estudando este proxecto inicial porque vimos que había algúns encaixes de algunhas zonas como a do Campo da Gándara ou como a urbanización de Rubindo, vimos que podían encaixar dentro deste proxecto e estivemos vendo, valorando o encaixe e vendo como se podía introducir dentro deste proxecto orixinal, por iso a tardanza, pero sobre todo porque tamén no IDAE houbo retrasos neste organismo, as subvencións que veñen do plan de recuperación, transformación e resiliencia se canalizan todas a través dunha plataforma, que a plataforma CoFFEE, que para este programa, DUS 5000, o IDAE non tivo todo listo ata finais de novembro ou principios de decembro e a través desa plataforma sobre que xustificar e levar toda a xestión documental desta subvención, se pode ver noutros Concellos deses trinta e pico que nomeaba Santi, que moitos deles tampouco comezaron a licitación nin o proxecto precisamente porque houbo retrasos no IDAE e o falo de primeira man porque na empresa na que eu traballaba, traballaba precisamente nesta plataforma e por moito que quixésemos avanzar en prazos non ía a ser posible, os prazos son os que son e non se comezou ata agora.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que por acordo de Pleno de 27.04.2023 aprobouse o proxecto de obras denominado “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”, redactado polos enxeñeiros industriais Javier Regueira Miguéns e Juan Prieto Rodríguez asinado o 21.03.2023, cun orzamento base de licitación de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 242.755,11€ e o presuposto sen IVE a 1.155.976,71€.

Visto que en data 14.11.2023 foi presentada unha nova versión do sinalado proxecto de obras, xustificándose mediante informe dos técnicos autores do proxecto de 08.04.2024 as modificacións introducidas, que foron as seguintes:

“La primera emisión de Marzo de forma resumida consistía en una actuación de:

- *Renovación de 53 Cuadros de Alumbrado*
- *Renovación de 2780 Puntos de Luz*

La emisión de Noviembre de forma resumida consiste en:

- *Renovación de 53 Cuadros de Alumbrado*
- *Reforma de 1 Cuadro de Alumbrado*
- *Renovación de 2830 Puntos de Luz*

El cambio se ha debido a:

- *Reforma de Cuadro Eléctrico y renovación de 20 Proyectoros para la renovación del alumbrado deportivo del campo de fútbol.*



- *Ajuste de luminarias de la instalación que se detectaron que faltaban en la primera emisión. “*

Visto o informe de Secretaría núm. 2023-0012 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, ratificado mediante informe núm. 2024-0002.

Visto o informe técnico núm. 2024-0016 emitido polo arquitecto técnico municipal.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar o proxecto de obras denominado “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”, redactado polos enxeñeiros industriais Javier Regueira Miguéns e Juan Prieto Rodríguez asinado o 14.11.2023, cun orzamento base de licitación de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 242.755,11€ e o presuposto sen IVE a 1.155.976,71€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

SEGUNDO. *Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

VOTACIÓN: **Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DEZ membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”, redactado polos enxeñeiros industriais Javier Regueira Miguéns e Juan Prieto Rodríguez asinado o 14.11.2023, cun orzamento base de licitación de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 242.755,11€ e o presuposto sen IVE a 1.155.976,71€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.



Expediente 1911/2023. Aprobación do expediente de contratación da obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Troncoso Estévez: Seguimos co mesmo proxecto, neste caso traemos a aprobación do expediente de contratación das obras de “renovación de alumbrado público exterior no Concello de Salceda de Caselas”. Xa o explicaba antes, temos que traelo a aprobación do pleno por supoñer máis do 10% dos recursos ordinarios do orzamento. O orzamento que ascende a 1.398.731,82€, como vedes non é a cifra total que ascendía a 1.400.000€ a diferenza é a dirección de obra e a redacción do proxecto que tamén se inclúen dentro da subvención co cal non supón un custe para as arcas municipais.

A modalidade do contrato é un contrato de obra conforme ao disposto nos artigos 13 e 25 da Lei de Contratos do Sector Público, é un procedemento de adxudicación aberto co cal calquera empresario pode presentar a súa proposta e hai unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados nos principios de mellor calidade e prezo. Unha vez que se aprobe este expediente de contratación irá a exposición pública, comezará o inicio de licitación no perfil do contratante e se disporá de 26 días naturais nos cales as empresas que queiran postularse poderán facelo, sempre a través de medios electrónicos, a través do SILEX, sistema de licitación de contratos electrónico da Xunta de Galicia. Este contrato non permite a división en lotes un pouco por gardar a homoxeneidade do proxecto, para que non haxa diferentes empresas con diferentes tecnoloxías, diferentes prazos, diferentes prazos tanto de execución como prazos de garantía, se intenta buscar a homoxeneidade. Unha vez que termine o período de exposición pública e de ofertas comezará a Mesa de contratación composta por cinco persoas, unha presidencia e cinco vocais e un secretario/secretaria, onde se estudarán as diferentes empresas que manifestan a súa proposta e haberá dúas fases, unha de valoración técnica na se estudarán a proposta lumínica, sistema de telexestión e memoria de obra e despois outra fase de valoración automática a través de unha fórmula onde se contempla a proposta económica, os prazos de execución e os prazos de garantía. Finalmente volverá de novo ao pleno para a adxudicación do contrato, que segue sendo o órgano de contratación o pleno e posteriormente, unha vez que se teñan agardado os prazos de notificación e demais, a execución da obra será como máximo seis meses. Conta cos informes favorables de secretaría, urbanismo e de intervención.

Sr. Rodríguez Davila: Como ben se dixo este é a continuidade do punto anterior. O noso grupo quere facer un par de puntualizacións sobre todo en canto ao contido do expediente ao que nos estamos referindo. Como ben dixen antes que a notificación que recibiu o noso Concello de xaneiro do ano 2023 e o Concello pon o procedemento de contratación en marcha o 7 de setembro do ano 2023, é dicir, nove meses despois de ter esa notificación. Podo entender o que comentou o Concelleiro delegado en canto ao retraso da plataforma, todos sabemos que os sistemas informáticos e dixitais a veces teñen as súas problemáticas, estamos nuns prazos non demasiado curtos pero tampouco demasiado longo, ao final aí é onde a demostración de que se pode axilizar pero as veces un se pode atopar con impedimentos tecnolóxicos. O que é máis sorprende e que nos produce un pouco de tristeza, que por parte do goberno municipal non se tivera a ben modificar e corrixir e non facer un corte e pega doutros expedientes pois no propio expediente do Concello haxa documentos de outros Concellos e se copia e pega doutras de outras administracións públicas a nivel estatais, me estou a referir que o programa



que se utiliza para esta licitación é o mesmo que o Concello de O Covelo, o documento que está no expediente do noso Concello hai un documento que aparece o escudo do Concello de O Covelo, hai un documento asinado polo Alcalde de Covelo e o nome a asunto di “Resolución de alumado público exterior no Concello de Covelo” e todo se refire ao Concello de Covelo cando é un expediente do noso Concello, creo que isto é unha deixadez por parte do Goberno de Salceda en canto ao non modificar os documentos públicos que están no expediente e non coller e achegar documentos doutros concellos ao expediente do noso Concello. O modelo de prego que se utiliza para sacar a licitación esta obra pública é un modelo copiado e traído ao noso Concello dende a Comunidade Autónoma de Castilla La Mancha iso tamén está no expediente, aquí hai un documento onde aparece o escudo desta Comunidade Autónoma e se refire en todo o documento a esa comunidade autónoma e non ao noso Concello, creo que son detalles importantes que non podemos deixar pasar por alto e que di un pouco de que os responsables municipais do noso Concello non fagan ben o seu traballo en canto aos documentos que conteñen este expediente de contratación para esta obra tan importante para o noso Concello.

En canto a diferenza do que se saca a licitación e a subvención concedida, se nos di que é pola diferenza pola redacción do proxecto, se mal non recordo, polo tanto damos por bo esa xustificación e tamén botamos en falta, como se dixo na Comisión, que non se teña en conta nos pregos o tema de puntuar, tal como está recollido en acordo plenario deste Concello, puntuar que as empresas que opten a ser contratadas neste procedemento de licitación, teñan un plan de igualdade. Creo que a veces hai que dar máis exemplo e predicar menos, no sentido de que ten que recollerse esa posibilidade de puntuar ás empresas por ter e exercer ese plan de igualdade, cousa que non sucede neste prego de condicións. O noso voto vai ser a favor, a pesar do que manifestei respecto do contido e dos documentos que conteñen este expediente e da falta de esa baremación e puntuación das empresas que opten a contratación deste contrato tan importante tanto en canto á importancia que ten como ao importe económico que supón de 1.400.000€ públicos para renovar o alumado público do noso Concello.

Sra. Ledo Souto: El PSOE va a votar también a favor, entendemos que hay que darle para delante a este asunto lo antes posible para que, como dije antes, ahorrarse lo que se está pagando ahora mismo por la electricidad, sobre todo el alumbrado público en las parroquias que suponen un coste muy importante para el Concello.

Sr. Guerra García: Gustaríame facer un apunte á proposta que fai o PP sobre valorar as empresas que teñan plans de igualdade eu estaría de acordo en que se puntuase que naquelas empresas que non están obrigadas por lei a ter plans de igualdade se valorase a existencia de ese plan de igualdade, si realmente só poñemos nun prego de condicións que se valorará esa situación estamos optando simplemente a valorar ou a beneficiar as empresas de máis de 50 persoas traballadoras que por lei están obrigadas a ter o plan de igualdade en detrimento das empresas de menos de 50 que non están obrigadas por lei e a súa estrutura normalmente é bastante máis cativa como para afrontar procesos de este tipo.

Sr. Troncoso Estévez: Seguindo o argumento que esgrime o compañeiro Salustiano, efectivamente si nós poñemos como criterio que haxa un plan de igualdade moitas das empresas que teñen menos de 50 traballadores quedarían fora, o que se trata é de primar un pouco e que poidan acceder cantas máis empresas mellor e o que pretende traer nos criterios técnicos de valoración son que sexan criterios que atendan ao orixe deste contrato que é un contrato de obra, en caso de empate que as empresas teñan persoal con discapacidade ou que



teñan máis número de mulleres na súas filas servirá como criterio de desempate. Cando facemos un expediente de contratación cuns pregos como este é verdade que se examinan diferentes pregos que poidan haber noutros Concellos ou noutras administracións e si se colou algún documento cando sepamos a licitación eso non vai pasar.

Sr. Rodríguez Davila: Non é cuestión de que se cole o documento é cuestión de que si nós unha vez que accedemos ao expediente xa nos salta a vista pois simple e llanamente modificalo. É verdade e nós parece ben, é lóxico que unha administración pequena como a nosa non é comparable con grandes Concellos ou grandes administracións autonómicas que teñen moitos máis técnicos e moito máis persoal para facer mellores pregos e licitar obras de contía tan importante como é esta, a nós nos parece estupendo que se copie o mellor en cada situación, non estou dicindo que non estea ben copiar, sempre que sexa para ben, o que estou dicindo é que unha vez que se copie o mellor deses pregos de condicións para adaptalos á circunstancia concreta e ao noso Concello, o mínimo é que o nome, o título, o escudo e a referencia do nome do Concello se modifique, creo que non é moito pedir creo que estaremos todos de acordo que é o mínimo que se lle pode pedir a un responsable municipal.

En canto ao comentario de igualdade, vale, nos parece moi ben o que acabades de comentar pero o certo é que o goberno no seu momento aprobou esas condicións e si o goberno incumpre o que aproba pois xa di moito do goberno, polo tanto a actual Alcaldesa era a responsable de igualdade naquel momento e iso se trouxo a pleno e se aprobou que un dos criterios que se ia a seguir este Concello para contratar obras públicas era que as empresas tivesen ese plan de igualdade e polo tanto se ia a puntuar ese plan de igualdade, si vostedes incumpren o que vostedes aproban pois xa din moito de vostedes, cousa que non nos sorprende a día de hoxe.

Sra. Alcaldesa: Xa o aclarou o compañeiro Marcos, pero non vou deixar de dicir que me parece ata feo utilizar terminoloxía copiar, que eu sempre digo que copiar de quen o fai ben é algo moi positivo, de utilizar que no expediente aparece o nome de Covelo ou outro tipo de administracións e teño que dicir que isto é un expediente interno de traballo da secretaria con documentos cos que ela traballa e cos que lle da acceso por unha cuestións de transparencia a toda a Corporación. O expediente final onde van os documentos definitivos que se van a aprobar nesta sesión plenaria pois non aparece para nada Covelo, nin outras administracións nin o escudo de ningún outro sitio, pero o PP encántalle terxiversar e infravalorar o traballo que fai este Goberno. Creo que debería pórse en valor sobre todo e creo que é a función dun responsable político non ver si aparece un nome ou outro, si aparece un escudo ou outro, senón conseguir subvencións desta magnitude, repito, a maior subvención da historia deste Concello por valor de 1.500.000€, conseguir un aforro do 63% en gasto de electricidade ademais de maior calidade lumínica, o cambio de luminarias de case 3000 en todas as parroquias, a emisión de CO2 co cambio destas luminarias, en definitiva, iso é o que se lle debe exixir e pedir a un responsable municipal e non utilizar estes argumentos, o traballo que fan outras persoas para tratar de denigrar a xestión que neste caso procedía do anterior Concelleiro, Miguel González, unha excelente labor que permitiu obter esta subvención ao 100% na que este Concello non vai gastar un so euro e vai a través de fondos.

Con respecto ao plan de igualdade xa o explicaron o compañeiro Tano e Marcos, as empresas de máis de 50 personas contratadas teñen a obriga de ter ese plan de igualdade por lei e as de menos non teñen esa obriga, creo que tamén llo pode aclarar a secretaria que así tamén nolo fixo a nós despois da Comisión Informativa e creo nós que sempre avogamos polas empresas



pequenas, esas empresas locais ou da comarca teñan posibilidade de entrar en estes procesos de contratación, sería limitalas para que participen neste proceso de contratación, se establece nos criterios de desempate que se valore ese plan de igualdade discriminando de xeito positivo e si por suposto nós vamos a facer bandeira de igualdade agora e sempre. Paso a dar lectura de proposta de Alcaldía seguinte:

“PROPOSTA

Visto que se está a tramitar o expediente de contratación da obra recollida no proxecto denominado “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”, redactado polos enxeñeiros industriais Javier Regueira Miguéns e Juan Prieto Rodríguez, asinado o 14.11.2023, cun orzamento base de licitación de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 242.755,11€ e o presuposto sen IVE a 1.155.976,71€.

Vistas as características do contrato:

<i>Contratación de obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”</i>		
<i>Procedemento: Aberto</i>	<i>Tramitación: Ordinaria</i>	<i>Tipo de contrato: Obra</i>
<i>Orzamento base de licitación: 1.155.976,71€</i>	<i>Impostos: 242.755,11€</i>	<i>Total: 1.398.731,82€</i>
<i>Valor estimado do contrato (sen IVE): 1.155.976,71€</i>		
<i>Duración execución: 6 meses</i>		
<i>Garantía provisional: Non se esixe</i>	<i>Garantía definitiva: 5% do importe de adjudicación</i>	<i>Garantía complementaria: Non se esixe</i>

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento
<i>Informe técnico de non división en lotes de 05.09.2023</i>
<i>Memoria xustificativa do contrato de 06.09.2023</i>
<i>Resolución de alcaldía de inicio de expediente núm. 2023-1074</i>
<i>Borrador dos Pregos de Cláusulas Administrativas particulares.</i>
<i>Informe de Intervención de fiscalización núm. 2023-0280.</i>
<i>Informe de Secretaría núm. 2024-0003</i>

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar o expediente de contratación da obra de “Renovación de alumbrado*



público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. *Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que reixerán o contrato.*

TERCEIRO. *Aprobar o gasto correspondente por importe de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído).*

CUARTO. *Dar conta a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.*

QUINTO. *Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

SEXTO. *Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.*

SÉTIMO. *Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:*

a) *Presidenta titular: M^a Dolores Castiñeira Alen, Alcaldesa-Presidenta .
Presidente suplente: Alejandro Rodríguez Canosa, 1^o Tenente de Alcaldesa.*

b) *Vogal Titular 1^o: Berta Alonso Soto, funcionaria con habilitación de carácter nacional responsable da Secretaría Xeral Municipal.
Suplente do vogal titular 1^o: Persoa funcionaria a quen corresponda a súa substitución accidental.*

c) *Vogal Titular 2^o: M^a Ester Táboas Vázquez, funcionaria responsable da Intervención Municipal
Suplente do vogal titular 2^o: Persoa funcionaria a quen corresponda a súa substitución accidental.*

d) *Vogal Titular 3^o: Alfonso Veloso Troncoso, arquitecto técnico do Concello.*

e) *Secretaria titular: Ana María Pérez Rodríguez, funcionaria dependente do departamento de Secretaría, auxiliar administrativa.*

Suplente da Secretaria titular: Emilio Núñez Troncoso, funcionario dependente do departamento de Secretaría, subescala administrativa.

OITAVO. *Autorizar á mesa de contratación, ao abeiro do disposto no apartado 5 do artigo 326 da LCSP, para solicitar aos técnicos autores do proxecto de obra asesoramento e informe sobre a valoración dos criterios de adxudicación e sobre o cumprimento dos certificados de calidade das luminarias e aspectos técnicos similares.”*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DEZ membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:



PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación da obra de “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído).

CUARTO. Dar conta a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SÉTIMO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

a) Presidenta titular: M^a Dolores Castiñeira Alen, Alcaldesa-Presidenta .

b) Presidente suplente: Alejandro Rodríguez Canosa, 1^o Tenente de Alcaldesa.

c) Vogal Titular 1^o: Berta Alonso Soto, funcionaria con habilitación de carácter nacional responsable da Secretaría Xeral Municipal.

Suplente do vogal titular 1^o: Persoa funcionaria a quen corresponda a súa substitución accidental.

d) Vogal Titular 2^o: M^a Ester Táboas Vázquez, funcionaria responsable da Intervención Municipal

Suplente do vogal titular 2^o: Persoa funcionaria a quen corresponda a súa substitución accidental.

e) Vogal Titular 3^o: Alfonso Veloso Troncoso, arquitecto técnico do Concello.

f) Secretaria titular: Ana María Pérez Rodríguez, funcionaria dependente do departamento de Secretaría, auxiliar administrativa.

Suplente da Secretaria titular: Emilio Núñez Troncoso, funcionario dependente do departamento de Secretaría, subescala administrativa.

OITAVO. Autorizar á mesa de contratación, ao abeiro do disposto no apartado 5 do artigo 326 da LCSP, para solicitar aos técnicos autores do proxecto de obra asesoramento e informe sobre a valoración dos criterios de adxudicación e sobre o cumprimento dos certificados de calidade das luminarias e aspectos técnicos similares.



Expediente 14/2024. Declaración de incompatibilidade de cargos públicos: Ángela Ledo Souto.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 1, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: O pasado 4 de xaneiro asinou se a providencia de Alcaldía, nese momento ostentaba a Alcaldía Álex Rodríguez, para solicitar á Secretaria un informe, logo de que fosemos advertidos da situación na que se atopaba a Concelleira Ángela Ledo Souto podería estar incorrendo nunha causa de incompatibilidade, pois estaba sendo Concelleira e traballadora do Concello ao mesmo tempo. O 24 de novembro de 2023 foi cando se formalizaron eses contratos de traballo de 20 persoas alumnas traballadoras para a realización do Obradoiro dual que denominamos “Reforma de melloras de centros formativos, cívicos de 2023” cúa duración era dun ano, doce meses, entre o persoal seleccionado estaba precisamente a Concelleira. Dicar que o proceso de selección foi realizado por persoal do Concello e de Concellos limítrofes como está a sendo habitual en todos os procesos, é importante sinalar que os tribunais de selección deste Concello dende hai xa moitos anos nos que nós xa formamos parte da Corporación non están formados por cargos políticos algo que si sucedía no goberno do PP. Neste Tribunal a presidencia estaba ostentada por Isabel Bugarín, educadora social do Concello de Salceda de Caselas, a secretaría ostentada por Claudio González Vaqueiro, ADL do Concello de Salceda de Caselas, e como vogais figuraban en primeiro lugar o titular Marcos Gómez, ADL do Concello da Cañiza, segundo Rosana Velasco ADL do Concello de Pontearreas e terceiro titular Margarida Fernández ADL do Concello de Salvaterra. Solicitouse informe á Secretaria unha vez que regresou das súas vacacións tal e como explicamos na Comisión informativa sobre a lexislación que se aplica e o procedemento que debería seguir este goberno, e é precisamente a Secretaria quen vela polo cumprimento da lei neste Concello, o informe de secretaría di que os membros da Corporación, ou sexa todos e todas os que formamos parte de esta Corporación, deben ser quen observen en todo momento as normas sobre incompatibilidade e que deberemos ser nós os que poñamos en coñecemento do resto da Corporación calquera feito que puidese ser causa de incompatibilidade, o informe extenso conclúe da seguinte maneira e deixa claro que non pode compatibilizarse o cargo de Concelleira no Concello co posto de traballo como alumna traballadora do Obradoiro dual de emprego, polo tanto nesta situación a Concelleira, Ángela Ledo, debería escoller, certo que a Secretaria deixa en mans deste órgano plenario a decisión de declarar ou non a incompatibilidade e xa adianto cal vai a ser a posición do meu partido, de Movemento Salceda, como xa manifestamos na Comisión informativa, será a abstención é a nosa obriga como Goberno e a miña como Alcaldesa respectar o cumprimento da lei pero tampouco imos ser obstáculo para que a decisión sexa tomada polo resto da Corporación.

Sra. Ledo Souto: Quiero anunciar que en este punto no voy ni a debatir ni a votar por ser la persona afectada.

Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo xa manifestou na Comisión de quen partiu e quen iniciou este expediente, quero unha vez máis recordar que a Sra. Alcaldesa é quen pon a orde do día dos plenos e quen trae a pleno este expediente e polo tanto quen vai a someter a votación esta cuestión, e polo tanto o noso Grupo ten claro que a iniciativa de pedir ese informe a Secretaría Municipal foi dende a Alcaldía polo tanto é a propia Alcaldesa quen pide ese



informe. Non estou a dicir que estea correcto ou incorrecto estou a dicir de onde parte a realidade de iniciar este expediente e polo tanto de traer a pleno o que hoxe vamos a debater e someter a votación.

Como digo esta proposta de resolución a trae ao pleno a Sra. Alcaldesa non a trae o PP, a mesma Alcaldesa que o é grazas ao voto do PSOE, o partido ao que pertence a Concelleira dona Ángela Ledo e que hoxe decidimos si pode seguir sendo alumna-traballadora do obradoiro de emprego que se está a desenrolar no CDL do Torrón e seguir sendo ao mesmo tempo Concelleira nesta Corporación Municipal. O PP non constrúe muros nin divide a sociedade nin crispamos, nin deixamos de saudar a ninguén porque voten en contra dos nosos intereses lexítimos políticos e democráticos porque o PSOE votase en contra, non en unha ocasión senón en varias, de eu ser Alcalde despois de gañar as eleccións democraticamente e contundentemente, sen embargo, a pesar desa decisión respectada, non compartida, do PSOE en máis de unha ocasión de impedir que o grupo maioritario da Corporación e do claro gañador nas urnas nas eleccións municipais puidese exercer o goberno como é o caso actual neste mandato 2023-2027, o PP non lle ten fobia, nin odio, nin rencor, nin temos enemistade co PSOE e os seus membros como si o manifestaron en algunha ocasión membros deste PSOE de Salceda, incluso en reunións privadas que tivemos cando intentamos que nos deixasen gobernar porque segundo vostedes nos tiñan un pouco de rabia, por dicilo suavemente, e antes de gobernarse o PP porque os actuais Concelleiros do PP, por certo dous dos cales non poden estar presentes porque a Sra. Alcaldesa convocou o pleno as 9:30 de mañá, e tamén os Concelleiros anteriores que formaron parte do Grupo Municipal somos “hooligan” verdade?, somos radicais, non queremos o ben común e desprezamos as persoas que representan e están no PSOE de Salceda, todo o contrario. Polo tanto, a decisión que hoxe vamos a tomar o Grupo Municipal, fundamentase e amparase no estritamente político, e o sabe vostede ben, nunca no persoal como nunca o fixemos e o demostramos ao longo deste anos, dende que eu son Concelleiro, o respecto, o saber estar, a educación, algunha metedura de pata seguro como persoa que somos pero nunca incentivei a crispación, nin o enfrentamento, nin o odio, nin o rencor cara a ningunha persoa de ningún partido político, sempre exercín, creo, humildemente o mellor que puiden e puidemos como representantes que somos dos cidadáns. Polo tanto, a decisión que vamos a tomar fundamentase e amparase, como dixen, na lei que rexe respecto do tema a tratar e nunca en ataque nin discrepancias persoais ou políticas, aquí estamos sempre falando como digo e reitero e decidindo no plano político.

O informe da Secretaria, como se dixo ao respecto da lexislación é claro e conciso e polo tanto di claramente que é incompatible exercer o cargo de Concelleira, polo tanto cargo público, co de empregada a través dun obradoiro de emprego, non é compatible exercer ao mesmo tempo alumna traballadora do obradoiro de emprego e non o di este Grupo e moito menos este portavoz o di o informe da señora Secretaria amparándose na lexislación en vigor a data de hoxe. É certo que hai sentenzas xudiciais contraditorias con respecto a casos semellantes onde hai sentenzas que amparan esa posible compatibilidade pero tamén é verdade que hai outras que din o contrario, ao referirse a casos que tratamos como o de hoxe aquí, e polo tanto ao noso entender tería que ser un Tribunal, no seu caso, quen decidise o caso en concreto da compañeira dona Ángela Ledo e polo tanto non ter que ser este pleno, como así o trae a Sra. Alcaldesa e agora ela e o seu Grupo se poñen de perfil, trae o asunto pero non se molla que sexan os demais os que decidamos. Sra. Alcaldesa, si vostede defendese a lexislación vostede tería que votar a favor da incompatibilidade porque o di o informe da Secretaria e así o di a lei vixente a día de hoxe, independentemente das sentenzas xudiciais que existen ao respecto pero esas sentenzas xudiciais, como dixen e reitero, se refiren a casos concretos non ao caso da



compañeira dona Angela Ledo polo tanto vostede, ao noso entender, esta deixando de exercer a súa función que é velar pola lexislación e facer cumprir a lexislación e por tanto o seu grupo e vostede, como máxima responsable, debería votar a favor da incompatibilidade, iso sería exercer o seu cargo con criterio en base, en fundamento a lexislación aplicable e amparándose no informe da señora Secretaria Municipal, a pesar de que nos poida doer no persoal pero aquí estamos a falar do político, estamos a falar na lexislación vixente ao respecto. Dado que a señora Alcaldesa nos somete, como digo, a decidir neste pleno, non sabemos cal é o motivo, neste asunto que trae e propón a señora Alcaldesa este Grupo Municipal Popular que representamos a máis de 2200 veciños votados e elixidos nas eleccións municipais do pasado mes de maio e que este Grupo Municipal está baixo o criterio e a decisión do Comité Local que é o órgano colexiado máximo do noso partido a nivel municipal e que no serán de onte celebramos esa reunión extraordinaria e urxente para que decidise o Comité Local o que deberíamos votar os Concelleiros que os representamos neste pleno municipal o noso voto vai a ser a favor da incompatibilidade do cargo de Concelleira co de traballadora-alumna do obradoiro de emprego de dona Angela Ledo Souto.

En conclusión, que a maioría, máis do 72% dos presentes na reunión de onte votaron a ese posicionamento político que nós temos que acatar, e que vamos a cumprir na mañá de hoxe votando a favor da incompatibilidade e polo tanto que a señora dona Ángela Ledo elixa e decida entre seguir exercendo o cargo de Concelleira nesta Corporación ou o de alumna traballadora no obradoiro de emprego.

Sr. Guerra García: Creo que como sentenzas e leis hai distintos ollos para velas incluso neste caso o informe da señora Secretaria que si ben na primeira parte reproduce o que di a Lei Orgánica de Réxime Electoral en canto a incompatibilidades o mesmo informe fai unha amplía referencia as excepcións que diferentes tribunais teñen aplicado nos casos de análise de incompatibilidade e eu voume a referir, aproveitando este informe da señora Secretaria, a unha sentenza do Tribunal Supremo e leo textualmente, o informe que di: “A doutrina que expresa o TS é a seguinte: para decidir sobre a compatibilidade ou non do exercicio de cargo público de Concelleiro cunha relación de emprego temporal no propio Concello, hai que atender á entidade da dependencia que exista entre o servizo municipal ao que adscribe o Concelleiro e o Concello, de modo que da mesma poida deducirse ou non unha relación creadora, polo menos, dunha aparencia obxectiva de que as actuacións como Concelleiro do Concello, con respecto ao servizo a que está adscrito, podían estar influídas pola súa condición laboral. E, xunto a iso, cal sexa o réxime de financiamento do contrato, a efectos de determinar se a relación de emprego depende ou non da vontade promotora do correspondente concello” E logo fai unha referencia á *“sentenza de 28 de maio de 2020 que vai referida a un traballador temporal, técnico de turismo, que desempeña un posto de traballo que non ten por tanto o carácter de estable, cunha duración total de 180 días, e cuxa retribución se abona con fondos alleos ao Concello (como é este caso), mediante unha subvención pola comunidade autónoma para municipios de menos de cinco mil habitantes, enténdese que non cabe apreciar a expresada causa de incompatibilidade no mesmo (...)”* Efectivamente creo que nos ollos nos delatan para un lado ou para outro, nós queremos ver esta parte do informe da Secretaria como unha posibilidade de que aquí existe compatibilidade entre o cargo de Concelleira da Sra. Ledo e o seu posto na escola Obradoiro e como existe xurisprudencia a ese respecto nós queremos velo dende o lugar máis positivo, nós imos votar en contra da incompatibilidade suxeito, por suposto, a que a Sra. Ledo durante o tempo que dure o seu traballo na escola-obradoiro e a súa situación como representante nesta Corporación as asistencia aos órganos colexiados non deberían cobrarse.



En todo caso criticar dende este Grupo Político que a transparencia a que se fai referencia por parte do Goberno Local debía iniciarse en primeiro coa persoa afectada porque enterouse deste expediente ao mesmo tempo que nos enteramos o resto dos representantes desta Corporación cando recibimos a documentación. Creemos que si é por transparencia debía empezarse coa persoa afectada por respecto xa que todos aquí falamos de compañeiros e compañeiras, moitas veces, a logo resulta que certas cousas á hora de ter unha man esquerda neste tipo de cuestión se nos vai a que a persoa afectada entérase ao mesmo día que nos enteramos os demais e que se abre este expediente de incompatibilidade. Nós imos votar en contra da incompatibilidade porque creemos que a participación non está xustificada que a súa condicións de traballadora da escola-obradoiro poida ter incidencia ningunha directa sobre as decisión que poida adoptar neste pleno e queremos apostar por unha participación efectiva, na medida, que entendemos non se da esa incompatibilidade.

Sra. Alcaldesa: Dicirlle ao PP que efectivamente a iniciativa ten que ser do goberno neste caso da Alcaldía é o noso deber e o seu tamén de cumprir a lei, con respecto ao que acaba de argumentar o compañeiro Tano do BNG en canto aos fondos do Concello, non sei si leu esta parte do informe onde di *“debe advertirse que, segundo os datos facilitados polo departamento de Intervención municipal, pese ao financiamento da Consellería de Emprego e Igualdade, lle corresponde ao Concello aboar con fondos propios tanto os gastos da indemnización de fin de contrato coma a posible suba do salario mínimo interprofesional no caso de que se produza”*, polo tanto desmentir que os fondos sexan alleos ao Concello neste caso non é así e por outra banda dicir que efectivamente todo é interpretativo nesta vida pero no apartado sexto deste informe a Secretaria di ben claro que *“É unha máxima en dereito que onde o legislador non distingue non lle está permitido facelo ao intérprete.”* Seguidamente dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“PROPOSTA

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2023-1420 aprobouse a proposta de contratación de 20 persoas alumnas-traballadoras no marco da subvención concedida ao Concello de Salceda de Caselas por parte da Consellería de Emprego e Igualdade para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “REFORMAS E MELLORAS DE CENTROS FORMATIVOS E CÍVICOS 2023” e en data 24.11.2023 formalizáronse os contratos de traballo na modalidade de formación en alternancia, sendo unha das alumnas-traballadoras contratadas, por un período de 12 meses, a concelleira Ángela Ledo Souto.

Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2024-004 e de conformidade co artigo 10.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Declarar a incompatibilidade entre o cargo de concelleira ostentado por Ángela Ledo Souto, co exercicio das actividades derivadas da súa contratación laboral na modalidade de formación en alternancia, ao abeiro do disposto no artigo 178.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral (LOREG).*



SEGUNDO. Notificar o Acordo adoptado á interesada, que deberá manifestar no prazo de 10 días seguintes á recepción de devandita notificación, a súa intención de renunciar á condición de concelleira ou abandonar a situación que dá orixe á referida incompatibilidade.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **CATRO VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP, **UN VOTO** en contra do Concelleiro do Grupo Municipal do BNG e **CATRO ABSTENCIÓNS** do dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda.

PRIMEIRO. Declarar a incompatibilidade entre o cargo de concelleira ostentado por Ángela Ledo Souto, co exercicio das actividades derivadas da súa contratación laboral na modalidade de formación en alternancia, ao abeiro do disposto no artigo 178.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral (LOREG).

SEGUNDO. Notificar o Acordo adoptado á interesada, que deberá manifestar no prazo de 10 días seguintes á recepción de devandita notificación, a súa intención de renunciar á condición de concelleira ou abandonar a situación que dá orixe á referida incompatibilidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

